

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 22 DE XULLO DE 2016

### Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen  
Barriocanal López, Yolanda  
Comendador Rey, Beatriz  
Fdez Contreras, MCarmen  
Pérez Rodríguez, Fco. Javier  
Prada Rodríguez, Julio  
Presedo Garazo, Antonio  
Real López, Arturo  
Reboreda Morillo, Susana  
Taboada Rodríguez, Sofía

### Desculpan a súa ausencia:

Castro Pérez, Ladislao  
Espino Alvarado, Héctor  
García Cabo, Manuel  
Juana López, Jesús de  
López Díaz, María  
Pérez Losada, Fermín  
Valín Fernández, Alberto  
Vaquero Díaz, Beatriz

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o venres 22 de xullo de 2016, ás 10.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 19 de xullo de 2016

- Lectura e aprobación da acta anterior (1 de xullo de 2016)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, dos horarios e da programación docente do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

### Adenda:

- Aprobación, se procede, do Informe de accións de coordinación do curso 2015-16
- Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do curso 2016-17
- Rolda de intervencións

## 1. Lectura e aprobación da acta anterior (1 de xullo de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

## 2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cita médica), Manuel García (escavación Formigueiro), Ladislao Castro (escavación Formigueiro), María López (permiso), Jesús de Juana (viaxe), Beatriz Vaquero (Consello Goberno), Héctor Espino (escavación Armeá) e Fermín Pérez (escavación Armeá).
- Informa que por indicación da Área de Calidade foi actualizado o procedemento AC-0104 Accesos e admisión.
- Comenta que xa estamos en período de matrícula de 1º curso de grao. Ata o de agora hai 14 alumnos matriculados, no primeiro chamamento houbo 23 preinscritos e no segundo 6. Destaca que se fixo todo o posible para a difusión do grao e que teremos que esperar aos resultados finais, xa que aínda quedan 6 chamamentos máis.
- Comenta a posibilidade de entregar os TFG en formato pdf e quen queira que os imprima, así tamén se favorece ao alumnado ao non ter que encadernar as 3 copias que se esixen ata o de agora.

O profesor Julio Prada di que habería que pensalo, que xa se propuxera hai tempo e non saíra adiante, aínda que el cre que nestes tempos se debería facer. Daráselle unha volta para ver se se modifica o regulamento do TFG.

## 3. Aprobación, se procede, dos horarios e da programación docente do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cede a palabra a Beatriz Comendador como coordinadora do mestrado. Beatriz comenta que se intentou encaixar todas as particularidades do profesorado, tanto os horarios como a programación foron xa aprobados na comisión académica do mestrado.

Comenta que ata o día de hoxe hai 23 preinscritos, 6 matriculados e 5 persoas en lista de agarda. Tamén se informou a todos os preinscritos de que xa non se oferta o módulo de conservación.

Apróbanse os horarios e a programación docente.

#### 4. Aprobación, se procede, do Informe de accións de coordinación do curso 2015-16

Explica a decana que a coordinadora de grao, Beatriz Vaquero, elaborou o informe que reúne todas as accións feitas ao longo do curso 2015-16. Este informe é moito completo e moi elaborado.

Apróbase o Informe de accións de coordinación.

#### 5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do curso 2016-17

O profesor asociado Roberto Vázquez Rozas non renovou o contrato, polo que hai que facer modificacións nos horarios aprobados na xunta de centro de 17 de xuño de 2016.

Vaise contratar como invitada a Marta López López e ao profesor Ángel Domínguez ampliaránselle as horas de docencia para cubrir a docencia na Área de Historia da Arte.


Apróbanse as modificacións nos horarios.

#### 6. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10.50 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas